

BECAS E AXUDAS 2024/25

PARA ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO

Prazo de presentación: do 30 de abril

ata o 13 de setembro do 2024

Atendendo á publicación no BOE poderán solicitar as axudas "o alumnado que presenten necesidades educativas especiais derivadas de **discapacidade**, trastornos graves de conduta ou trastornos graves da comunicación e da linguaxe asociada a necesidades educativas especiais". Así mesmo, poderán solicitar ditas axudas o alumnado con Trastorno do Espectro Autista e o alumnado con necesidade específica de apoio educativo asociado a **altas capacidades**.

"Esta convocatoria inclúe un subsidio para gastos adicionais de carácter xeral derivados da escolarización de estudantes con necesidades específicas de apoio educativo, que terá un importe de 400 euros, que se sumará ás cuantías que xa figuraban en convocatorias anteriores, resultando un incremento adicional das axudas".

Os umbrais de renda e patrimonio están especificados na convocatoria.

Os solicitantes deben cubrir a solicitude vía Internet na seguinte ligazón:

[Becas y ayudas para alumnos con necesidad específica de apoyo educativo \(Curso 2024 - 2025\) | Ministerio de Educación, Formación Profesional y Deportes \(educacionfpydeportes.gob.es\)](https://educacionfpydeportes.gob.es)

Toda a información e as explicacións para realizar a solicitude están na seguinte ligazón:

<https://www.becaseducacion.gob.es/becas-y-ayudas/ayudas-apoyo-educativo/como-solicitarla.html>

Despois de cubrir e pechar a solicitude online teñen que imprimila en papel e asinala. Así mesmo, no gabinete psicopedagóxico ao que acode o seu fillo/a terán que cubrir, selar e asinar o seu apartado dos documentos impresos da solicitude.

Posteriormente deberán entregar no Departamento de Orientación do seu centro os impresos de solicitude cubertos, asinados pola familia e selados polo gabinete externo xunto coa documentación requerida: (certificado do número da conta bancaria do alumno/a, **diagnóstico médico do Sergas, certificado de discapacidade** e/ ou título de familia numerosa).

Poden comprobar a documentación requerida na seguinte

ligazón: <https://www.becaseducacion.gob.es/becas-y-ayudas/ayudas-apoyo-educativo/que-necesitas.html>

Así mesmo, poden consultar toda a información da convocatoria na seguinte ligazón:

<https://www.educacionyfp.gob.es/servicios-al-ciudadano/catalogo/general/05/050140/ficha/050140-2023.html>